

III Congreso de
Antropoloxía de
en para
Agantro desde Galiza

Sábado 25 de abril de 2020

Fundación Vicente Risco – Allariz

Chamada comunicacións
<https://forms.gle/QY8iLndDv1C5dUP59>

Da
Xeración
Nós
á
Nova
Antropoloxía
Galega

A Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro) é unha asociación de profesionais da antropoloxía que foi constituída no 29 de xuño de 1993, polo que vai de cumprir 27 anos de existencia. Neste período a asociación está inmersa nun proceso de renovación da súa estrutura, estatutos e de reactivación, tomando un novo impulso para loitar por unha antropoloxía que non desexamos que esmoreza.

Agantro ten como obxectivo principal mellorar a profesionalización e desenvolver a antropoloxía, abrindo as canles de comunicación coas administracións, incidindo na inclusión da nosa disciplina naquelas actividades culturais e ofertas de emprego correspondentes á nosa formación. Mais tamén apoiar a posta en valor das múltiples ramificacións da cultura galega e xerar un foro de debate e comunicación no que teñan cabida os diferentes xeitos de entender e practicar a antropoloxía alén da academia, tendendo pontes e fortalecendo as relacións co tecido asociativo que durante tantos anos mantivo viva a investigación e a divulgación.

Como froito destas accións nos últimos anos conseguimos que habilitasen ás persoas con titulación de antropoloxía para a docencia no ensino secundario, a inclusión da antropoloxía nas bolsas de museos e tamén temos canles activos de comunicación coas administracións para informar das nosas posibles funcións e así incluír á antropoloxía noutras convocatorias públicas.

Tamén tratamos de tecer redes e potenciar espazos para a conexión e a comunicación entre as persoas asociadas, pular pola investigación antropolóxica, realizar actividades de divulgación e difusión e visibilizar a relevancia da antropoloxía cara á sociedade. Nesta liña de reactivación das actividades relacionadas coa asociación levamos dous anos colaborando coa Mostra de Cinema Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego, e no ano 2019 participamos na organización do XIV congreso da Sociedade Internacional de Etnoloxía (SIEF) en Santiago de Compostela co obxectivo de fortalecer a antropoloxía galega e convidar a unhas 1000 persoas asistentes á coñecer o noso traballo. No ano 2019 coa homenaxe de Antonio Fraguas no Día das Letras Galegas Agantro tamén contribuíu na divulgación das súas achegas á cultura galega. Agantro tamén é parte da Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAE) e participamos das reflexións sobre a antropoloxía alén das nosas fronteiras.



Neste sentido estamos a organizar este terceiro congreso Agantro co obxecto de que se convertan nunha cita anual e sirvan de plataforma de encontro para persoas dedicadas á antropoloxía, coa esperanza de acrecentar a nosa presenza e visibilidade na sociedade.

Deste xeito, o “III Congreso de Antropoloxía de/desde/en/para Galiza” procura, en primeiro lugar, tecer redes inter e intradisciplinarias e potenciar espazos para a conexión, o diálogo e a escoita de diferentes propostas e traballos, tanto xa desenvolvidos como en proceso, así como a creación de sinerxías e estratexias para fortalecer a antropoloxía na Galiza. Nestes últimos anos celebramos encontros en Santiago e en Ferrol e no ano 2020 celebramos o terceiro congreso na Fundación Vicente Risco de Allariz, un lugar emblemático para a antropoloxía galega e tamén como forma de honrar a figura de Vicente Risco e o seu papel na antropoloxía galega e a Xeración Nós.

A segunda idea deste congreso é reflexionar arredor do pasado e do presente da antropoloxía nun lugar tan vencellado á historia da nosa disciplina como é Allariz e da man da Fundación Vicente Risco, gran aliada no fortalecemento da antropoloxía galega. Serán benvidas presentacións sobre o papel que tivo e que ten a antropoloxía en Galicia, os distintos percorridos disciplinarios, as mudanzas temáticas, os novos retos que afrontamos, así como as adaptacións aos cambios e as análises propostas das transformacións socio-culturais.

Da
Xeración
Nós
á
Nova
Antropoloxía
Galega



III Congreso de Antropoloxía de en para desde Galiza

Sábado 25 de abril de 2020
Fundación Vicente Risco – Allariz

Contacto e máis información:

Correo electrónico: agantro@gmail.com

Facebook: <https://www.facebook.com/AGANTRO/>

PROGRAMA

- 09:30: Recepción dos participantes
- 10:00: Inauguración
Román Rodríguez González (Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia) (por confirmar)
Cristina Cid (Alcaldesa de Allariz) (por confirmar)
Luís Risco (Presidente da Fundación Vicente Risco)
Manuel Luís Tibério (Presidente da Escola de Ciências Humanas e Sociais da UTAD) (por confirmar)
Cristina Sánchez-Carretero (Presidenta de Agantro)
- 10:15: Conferencia de abertura – Duetto: “Da antropoloxía da Xeración Nós aos nosos días”. Xosé Manuel González Reboredo / Bibiana Martínez Álvarez
- 11:00: Comunicacións e debate
- 12:15: Pausa – café
- 12:30: Comunicacións e debate
- 14:00: Almorzo
- 15:30: Comunicacións e debate
- 17:00: Mesa redonda sobre a relación entre Antropoloxía e Ciencias Sociais
Modera: Cristina Sánchez Carretero (Incipit CSIC)
Participan: Carmen Lamela (UDC), Rubén Lois (USC), Elías Torres (USC), Alexandre García Caballero (Psiquiatra, CHOU Ourense), José María Cardesín (UDC)
- 18:15: Asemblea Xeral de Agantro
- 19:30: Visita guiada pola sede da Fundación Vicente Risco
- 20:00: Momento musical e petiscos
- 21:00: Cea

Comunicacións e Participación

As persoas interesadas na participación e presentación dos seus traballos deberán enviar antes do 25 de marzo de 2020 unha proposta de título e un resumo de non máis de 100 palabras a través do enlace <https://forms.gle/QY8iLndDv1C5dUP59>

Non é necesario presentar comunicación, poster ou audiovisual para participar no congreso, nin tampouco ser de Agantro.

Para recibir certificado de participación deben facerse de Agantro, o prezo anual é: Cota reducida (estudantes e parados): 15 Euros.

Cota normal: 30 Euros.

Cota solidaria: Mais de 30 Euros.

Transferencia do pago: Agantro (IBAN: ES34 2080 0570 6330 4001 2183)

Enviar comprobante da transferencia a: agantro@gmail.com



Coa colaboración e apoio de:

“Estas jornadas enquadram-se no projeto de I&D “Património cultural da Euro-região Galiza-Norte de Portugal: Valorização e Inovação. GEOARPAD” Programa operativo EP - INTERREG V A Espanha - Portugal (POCTEP). Convocatoria 1, Identificador: 769- GEOARPAD (0358_GEOARPAD_1_E), financiado pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional (FEDER) através do Programa de Cooperação INTERREG V-A Espanha-Portugal 2014-2020 (POCTEP)”

PT: Este trabalho é financiado por fundos nacionais através da FCT – Fundação para a Ciência e a Tecnologia, I.P., no âmbito do projeto UID/SOC/04011/2019.

EN: This work is supported by national funds, through the FCT – Portuguese Foundation for Science and Technology under the project UID/SOC/04011/2019.